

PLAN DE IGUALDADE



**CEIP SAN FRANCISCO JAVIER
A CORUÑA**

Informado e aprobado polo Claustro e
Consello Escolar o 27 de xaneiro de 2020

Índice

1	Introdución	2
2	Contextualización	2
2.1	Lexislativa	2
2.2	Contexto do centro e análise do mesmo	4
2.3	Indicadores internos	4
2.4	Indicadores externos.....	6
3	Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTI fobia	6
4	Obxectivos coeducativos.....	8
4.1	Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	8
4.2	Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero	8
4.3	Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.....	8
4.4	Prevenición, detección e intervención en casos de LGTBI fobia.....	8
5	Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos	8
5.1	Organización do centro	8
5.2	Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	10
5.3	Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.	10
5.4	Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.....	10
6	Seguimento e avaliación	11
6.1	Indicadores de avaliación.....	11

1 Introducción

O plan de igualdade do noso centro xorde da necesidade de consolidar o principio democrático de igualdade entre os sexos tal e como se recolle nos artigos 1 e 2 da lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio. Fomentando actuacións e accións que favorezan o coñecemento das diferencias entre nenos e nenas, mulleres e homes para establecer as condicións escolares que permitan corraxir as discriminacións e estereotipos sexistas, a formación do alumnado na autonomía persoal como base para fomentar o cambio nas relacións de xénero e a corrección de desequilibrios entre homes e mulleres nas distintas actividades escolares ofrecendo modelos non estereotipados, é dicir, implementar a coeducación na práctica pedagóxica no noso centro. Implicando a totalidade da comunidade educativa, concibindo que a educación das novas xeracións constitúe o motor de cambio nas relacións entre nenas e nenos, mulleres e homes e coa idea de chegar a conseguir unha sociedade máis xusta e equilibrada.

O obxectivo fundamental deste plan é o de coordinar todas aquelas actuacións que son necesarias para que a igualdade atravesese todo o centro educativo e para que esta sexa sistemática en todas as aulas e ámbitos.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos; e a educación escolar debe contribuír a que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos á súa vez de acordo con estes valores igualitarios.

2 Contextualización

2.1 Lexislativa

- A Constitución Española de 1978 recoñeceu no seu artigo 14 a igualdade ante a lei por razóns de sexo e establece no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.
- Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015: considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito

educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

- Artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: establece como principio da educación “ o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.. No art. 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamenais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”
- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade nos artigos nos seus artigos 17 e 18.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos.
- Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación (artigos 22, 23,24, 25 e 26)
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas

e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (Abril 2016).
- Plan de convivencia do CEIP San Francisco Javier.

2.2 Contexto do centro e análise do mesmo

O CEIP San Francisco Javier, é un dos centros educativos de referencia da cidade, onde desde hai anos presenta un número de solicitudes de admisión superior á oferta de prazas educativas.

Está localizado próximo a Catro Camiños, en concreto, na zona da “Cubela”, e enclavado nun dos barrios comerciais máis importantes da cidade, que conta con edificios modernos, xardíns, instalacións deportivas, servizos municipais e situado preto da estación de autobuses e a de ferrocarril e do edificio de Servizos Múltiples da Xunta de Galicia.

É unha zona ben planificada con abundantes áreas de esparcemento e ocio, rúas peatonais acondicionadas para o paseo e abundantes xogos infantís (parque Cubela, parque de Oza...)

En canto aos servizos culturais, sociais e equipamento da zona se destacarían os seguintes:

- Forum, situado no Parque Europa, ten biblioteca, auditorio, centro da 3ª idade, servizos sociais con talleres adicados ó tempo de ocio e dirixidos a todos os grupos de idade, etc.
- Pavillón Polideportivo situado no patio do Colexio, xestionado polo S.M. de Deportes e de uso preferente para o alumnado do Centro.
- Biblioteca González Garcés, ubicada no barrio de Elviña, preto o da Cubela, onde se ofertan abundantes actividades culturais ás que teñen acceso os veciños do noso barrio.
- Polideportivo San Diego, punto de deporte enclavado na zona.

2.3 Indicadores internos

O CEIP San Francisco Javier, conta nestes momentos cun total de 489 alumnas e alumnos. Trátase dun centro de liña dous con excepción do 6º Educación Primaria que no presente curso conta con tres grupos.

O **Claustro** no presente curso está composto por 33 docentes (1 IT), dos cales 28 son mestras e 5 mestres. Sinalar que 12 docentes son provisionais, interinos/as e substitutos/as, o que incorpora a dificultade de contar cun equipo numeroso estable para levar a cabo os proxectos que requiran continuidade.

Perfil do **Consello Escolar**: dos 15 membros , 12 son mulleres e 3 son homes. Hai creada a comisión de igualdade , e un dos membros do Consello Escolar é a responsable da coeducación e igualdade entre sexos do centro.

Equipo Directivo: Directora, xefa de estudos e secretaria.

Perfil do **alumnado**: O número de alumnos e algo superior ao de alumnas, (247 alumnos e 242 alumnas) que se reparten nas clases distribuídos nos diferentes niveis, de xeito equilibrado, tanto en número, como xénero como en NEAE.

Actividades extraescolares: En toda as actividades ofertadas pola ANPA participan de maneira indistinta tanto nenos coma nenas.

Dentro do Plan de Acción Titorial recóllense acción orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a previr a violencia de xénero, a igualdade e a non discriminación.

O recreo e o xogo: O período de recreo é un dos momentos onde se poden producir incidencias ou conflitos entre o alumnado. O patio de recreo é o espazo de xogo que os nenos e nenas utilizan fóra xa dos límites da aula para establecer vínculos relacionais máis libres e onde a interacción con outros grupos é maior.

É por iso que resulta tamén un espazo educativo proveitoso onde se establecen unhas normas de funcionamento claras e precisas que todo o profesorado debe coñecer e aplicar de forma xeneralizada e coordinada. Para iso debe haber unha organización definida de uso dos espazos de xogo e de vixilancia do profesorado. Esta organización recollese nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

Desde o curso 17-18 durante o recreo estase a levar a cabo un proxecto de patios activos, con diversidade de xogos nos que se anima a participar a nenos e nenas independentemente de cal sexa o xogo. Os monitores e monitoras dos xogos tamén

son grupos heteroxéneos de nenos e nenas que van rotando semanalmente.

2.4 Indicadores externos

En canto as características socioeconómicas do alumnado que acude ó centro, sinalar que de acordo co ISEC, estaría nun estrato económico medio. No referente ás características sociais, indicar que a media de fillos/as por familia é de 1,5, aínda que ten unha tendencia decrecente; así como de incorporacións de alumnado estranxeiro, adicándose profesionalmente a maior parte das familias ó sector servizos.

3 Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTI fobia

O Plan de Igualdade ten un claro carácter transversal, polo que se incorporan os valores de igualdade en todas as actividades e diríxense a toda a comunidade educativa.

Procurase tamén que a igualdade, ou as actividades que se relacionan co Plan de Igualdade, non se entendan como un feito illado, senon como unha actitude necesaria e permanente que o alumnado incorpora de forma natural a súa realidade diaria e no seu entorno máis próximo: familia, compañeiros, amigos, etc.

Todas as actividades do colexio tratan de facer conscientes ao alumnado da importancia de descubrir as necesidades dos demais, como modo de combater a desigualdade.

As accións formativas son verdadeiramente eficaces cando os pais e o colexio as fan súas e as complementan.

- Plan de Acción Titorial que desenvolve o Titor de aula ten especialmente en conta o respecto á igualdade de dereitos e oportunidades, o diálogo, a cooperación e a relación entre as persoas.
- Departamento de Orientación traballa estes estes aspectos co alumnado e as familias, procurando detectar carencias ou situacións de risco.
- En Educación Física e nas actividades deportivas, insítese en reflectir unha imaxe positiva das mulleres no deporte, diversificada e exenta de estereotipos de xénero. Debe erradicarse o sexismo na linguaxe oral dos profesionais do

deporte, evitando vincular con atributos masculinos a motivación para a acción ou, polo contrario, usar termos femininos como reforzo negativo, pois son hábitos aínda moi presentes na linguaxe coloquial.

- Nas entrevistas persoais de titoría cas familias do alumnado tamén se tratan estes temas e pode ser ocasión de advertir sobre actitudes ou comportamentos individuais ou familiares que son contrarios á igualdade.
- Todo o profesorado, secuenciando de forma progresiva e sistemática as actividades e adaptándose ás idades e características dos alumnos, leva a cabo unha formación en igualdade e no respecto aos demais mediante accións que se concretan por exemplo en:
 - *Crear un clima de tolerancia e participación, fundamentado na superación de calquera discriminación, na igualdade e na análise crítica de estereotipos culturais e sociais.*
 - *Crear unha actitude de escoita atenta e respectuosa cas quedas de palabra, sen interromper a quen fala, intervindo sen tratar de impoñer o propio criterio, etc.*
 - *Favorecer un ambiente propicio para o debate e o diálogo, que fomenta o uso respectuoso da palabra, alleo a calquera discriminación, ofensa ou descualificación a outras persoas ou culturas.*
 - *Propiciar e favorecer oportunidades de cooperación: traballos en equipo, zonas de traballo, encargos e responsabilidades no colexio e na casa, atención aos demais (pais, irmáns, compañeiros, persoas que precisan axuda, etc.).*
- Na elección de libros de texto e outros materiais, procurarase que as concrecións do currículo destaquen o valor da igualdade, a tolerancia, o respecto e a cooperación.
- Nos plans de lectura, resaltase e analizase o papel das mulleres en todos os ámbitos sociais e nas distintas etapas da Historia, e a súa contribución ao avance do saber, en especial nas áreas consideradas tradicionalmente masculinas.
- Os patios e demais espazos escolares utilízanse de forma compartida e non excluínste.

- No Consello Escolar cóntase con un membro encargado de fomentar a igualdade. Esa persoa identifica posibles discriminacións e estereotipos sexistas.

4 Obxectivos coeducativos

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Integrar e contemplar de modo transversal a perspectiva de xénero no PE e nos proxectos que o integran.

Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa , mediante a utilización dunha linguaxe non sexista nas súas expresións visuais , orais , escritas e en entornos dixitais.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visualización e prevención da violencia de xénero

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

Entender a diferenza como unha fonte de aprendizaxe e enriquecemento e aprendizaxe para toda a comunidade educativa para nos enriquecer, aprender a convivir coas demais persoas e para fomentar o pensamento crítico

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGTBI fobia

Educar na diversidade afectivo sexual desde idades temperás.

Educar na diversidade para a igualdade.

5 Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1 Organización do centro

- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria nos documentos, cartaces e actividades do centro.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar

para participar no impulso do Plan de igualdade.

- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos.
- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.)
- Potenciar os comportamentos e actitudes relacionais entre o alumnado que sexan igualitarios.
- A perspectiva de xénero debe estar incluída e debe ser tida en conta en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría, con todo o compromiso debe ser asumido por todo o profesorado. As actuacións educativas serán máis efectivas canto máis interiorizadas estean polos equipos educativos.
- Impulsar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.)
- Colaborar con outras entidades, institucións e organismos na realización de actividades coeducativas para ofrecer recursos sobre coeducación.
- Celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día escolar da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller,...
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo, etc.
- Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero, para incluír ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade
- Revisar os textos e o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección de contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades
- Realizar actividades de sensibilización na aula
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir información a través dun taboleiro do centro
- Lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar
- Promover e revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro
- Realizar talleres con xogos coeducativos.
- Xestionar as actividades da ocupación do patio para favorecer a inclusión
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.

- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6 Seguimento e avaliación

6.1 Indicadores de avaliación

- Autoavaliación, por parte do centro, do desenvolvemento dos obxectivos e da eficacia das actuacións contempladas no Plan de igualdade.
- Valoración do uso e presenza de unha linguaxe inclusiva tanto na linguaxe oral como escrita do centro.
- Actuacións relativas á sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero desenvoltas no ámbito da acción tutorial.

Vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá coñecer si os obxectivos plantexados están sendo os adecuados e si as actividades propostas son as correctas para lograr los obxectivos propostos e así poder realizar as modificacións oportunas. Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua complementarase con unha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo isto empregaranse, entre outros, os seguintes **métodos de avaliación**:

- Revisión dos obxectivos e actividades plantexadas.
- Avaliación das actividades propostas.
- Reunións de seguimento cos titores.
- Memoria do Proxecto.

Una vez realizada a avaliación e memoria do presente Plan, incluíranse no Plan de Mellora para o próximo curso aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora do seu desenvolvemento e consecución de obxectivos